

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII Versión 0
--	--	---

Nos casos de contaminación mariña accidental son os concellos litorais os principais prexudicados das consecuencias negativas da continxencia. En algúns eventos a contaminación procede dunha instalación sita no propio concello ou pola contra provén de árees alleas ao concello pero alcanza as súas costas ben dende o mar, ben polos canles de auga continental. Tanto os plans de continxencias locais dos concellos, como os plans interiores das instalacións susceptibles de provocar unha contaminación accidental e máis os plans de continxencias dos portos situados na Comunidade Autónoma de Galicia deben constituir xunto co Plan CAMGAL unha estratexia global a nivel territorial de resposta ante as ameazas derivadas dos episodios de contaminación mariña accidental.

1 PLANS LOCAIS

A implicación dos concellos litorais na loita contra a contaminación mariña accidental é fundamental para minimizar os efectos negativos da mesma nos seus recursos socioeconómicos e ambientais. O Plan CAMGAL ten entre as súas funcións a de facilitar a integración dos plans locais no ámbito territorial. Neste punto recóllese as directrices que pretenden homoxeneizar a organización e o contido dos plans de ámbito local.

1.1 Definición, obxectivos e funcións dos plans locais

Os plans locais son aqueles deseñados e elaborados polas administracións locais competentes no que se establecen as normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e o sistema de resposta fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza no ámbito de seu concello.

O obxectivo básico destes plans é que os concellos cuxo ámbito territorial se estenda polo litoral galego, establezan un dispositivo permanente e actualizado de información, previsión, alerta e actuación ante as emerxencias derivadas dun episodio de contaminación mariña accidental con capacidade para protexer á poboación ameazada e, no posible, evitar ou a lo menos reducir os danos que poidan producirse

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL	Capítulo
	Plans locais e Plans interiores	VII Versión 0

aos bens e servizos esenciais de acordo cos medios e recursos locais dos que se dispoñan e que o dispositivo estea plenamente integrado no Plan CAMGAL.

As funcións dos plans locais na loita contra a contaminación mariña accidental son:

- determinar os elementos vulnerables e as zonas sensibles radicadas no litoral do concello,
- determinar as instalacións que polas súas características ou actividade deben de contar cun plan de continxencias,
- identificar as posibles fontes de contaminación e as súas características,
- configurar a estrutura organizativa local, tanto directiva como operativa, así como os procedementos para a intervención nas emerxencias ante á contaminación do litoral,
- determinar os sistemas de alerta e información á poboación,
- dispoñer dunha relación actualizada dos medios e recursos do concello para a resposta a emerxencias,
- colaborar e integrarse de xeito adecuado no Plan CAMGAL así como nas súas accións de implantación e mantemento,

1.2 Niveis de activación dos plan locais

Os niveis de activación dos plans locais estableceranse en función da magnitude, perigo (clase e tipo de contaminante e lugar da contaminación), superficie e vulnerabilidade das zonas afectadas e dos medios e recursos dispoñibles para fazer fronte á continxencia.

A activación dos plans locais guiarase polos seguintes niveis de emerxencia:

- a) Alerta: Darase cando se sospeite que algún tipo de contaminación significativa pode chegar á zona costeira sita no ámbito do concello, tanto procedente do mar como de instalacións en terra.
- b) Emerxencia: Darase cando algún tipo de contaminación significativa chegue á zona costeira sita no ámbito do concello, tanto procedente do mar como de instalacións en terra.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII Versión 0
--	--	---

- Emerxencia en nivel mínimo: Darase cando o episodio de contaminación sexa de pequena gravidade e extensión, caracterizado por que os medios dispoñibles nos plans interiores activados resulten insuficientes para combater a contaminación.
- Emerxencia en nivel medio: Darase cando o episodio de contaminación sexa de gravidade ou extensión media, caracterizado por algunha das seguintes circunstancias: i) que a contaminación tivera lugar fóra do ámbito de aplicación dos plans interiores ou ii) que a contaminación afecte ou poda afectar ao ámbito de dous ou máis plans interiores ou iii) que pola especial vulnerabilidade da zona afectada ou ameazada se considere necesario.
- Emerxencia en nivel máximo: Darase cando a natureza, gravidade ou extensión da emerxencia supere a capacidade de resposta da administración local.

Os plans locais activaranse no nivel de emerxencia adecuado cando teña lugar algunha das seguintes circunstancias:

Derrame ao mar de produtos contaminantes desde un porto ou instalación costeira ou interior e que exista a posibilidade de que a contaminación chegue á costa sita no ámbito do concello.

Derrame ao mar de produtos contaminantes desde un buque na costa e que exista a posibilidade de que a contaminación chegue á costa sita no ámbito do concello.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL	Capítulo
	Plans locais e Plans interiores	VII Versión 0

Niveis de Activación		Sucesos	Actuacións
Alerta		Sucesos que fagan sospeitar que algún tipo de contaminación significativa pode chegar á zona costeira sita no ámbito do concello, tanto procedente do mar como de instalacións en terra.	Observación e vixilancia do episodio. Procedementos de comunicación e mobilización preparados en estado de alerta. Activación do plan interior correspondente.
Emerxencia	Nivel mínimo	Sucesos que pola natureza, gravidade ou extensión da contaminación requira da mobilización de medios operativos non adscritos ao plan interior ou que sendo de mínima gravidade teñan lugar fora do ámbito dos plans interiores.	As do nivel de alerta máis a: Coordinación das operacións levadas a cabo polos medios adscritos aos plans interiores correspondentes. Comunicación da activación do plan local ás unidades e aos organismos correspondentes. Actuación dos medios adscritos ao plan local.
	Nivel medio	Sucesos que pola natureza, gravidade ou extensión da contaminación requirian da activación de máis dun plan interior ou que a zona afectada non pertenza ao ámbito de ningún plan interior.	As do nivel mínimo máis a: Actuación dun maior número de medios adscritos ao plan local coa posibilidade de apoio de medios non adscritos ao mesmo.
	Nivel máximo	Sucesos que pola natureza, gravidade ou extensión da emergencia supere a capacidade de resposta da administración local.	As do nivel medio máis a: Solicitud de activación do Plan CAMGAL. Integración nos órganos de coordinación do Plan CAMGAL Actuación dos medios adscritos ao Plan CAMGAL.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII
--	--	-------------------------------

1.3 Procedemento de activación dos plans locais

O tempo de resposta é fundamental nas operacións de salvamento e loita contra a contaminación mariña accidental polo cal é imprescindible a transmisión rápida da alarma e a información dispoñible a todos os organismos involucrados nas operacións de resposta. Desta maneira poderanse adoptar, o antes posible, todas as medidas necesarias para fazer fronte á emergencia.

1.3.1 Comunicación da incidencia

As persoas que teñen o deber de iniciar a cadea de avisos en caso de accidente son:

- A persoa responsable designada no plan interior da instalación implicada no incidente.
- O/A director/a do Plan CAMGAL ou persoa en quen delegue, cando o incidente non tendo lugar no ámbito de actuación do plan local, se sospeite que algún tipo de contaminación significativa pode chegar á zona costeira sita no ámbito do concello, tanto procedente do mar como de instalacións en terra.

Esta comunicación realizarase aos teléfonos do Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia ou á Sala de Operacións Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia (981 54 40 70).

1.3.2 Activación do Sistema de Vixilancia

Cando se de algunha das circunstancias previstas no punto anterior levaranxe a cabo as seguintes actuacións:

- Ordenar a activación do Sistema de Vixilancia co fin de a comprobar os feitos, para o que se empregarán os medios humanos e materiais necesarios definidos no plan local.
- Ordenar a inspección visual da zona.
- Informar aos organismos implicados na fase de emergencia correspondente.
- Seguir a evolución da situación.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII
--	--	-------------------------------

1.3.3 Activación do plan local

O/A director/a do plan local baseándose na información remitida polo sistema de vixilancia referido no punto anterior, decidirá a activación do plan local no nivel de emerxencia correspondente.

O/A director/a do plan local ou persoa en quen delegue informará da activación do plan ao Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia ou á Sala de Operacións da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia (981 54 40 70).

1.3.4 Desactivación do plan local

O/A director/a do plan local baseándose na información remitida polo sistema de vixilancia, decidirá a desactivación do plan local.

O/A director/a do plan local ou persoa en quen delegue, informará da desactivación do plan ao Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia ou á Sala de Operacións da Subdirección Xeral de Gardacostas (981 54 40 70).

1.4 Elaboración e aprobación dos plans locais

A elaboración, aprobación, implantación e funcionamento dos plans locais son responsabilidade da Administración local competente.

Os concellos litorais da Comunidade Autónoma de Galicia remitirán á consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental, un plan local que conteña os elementos esixidos neste capítulo.

2 PLANS INTERIORES

2.1 Plans interiores das instalacións industriais

2.1.1 Definición, obxectivos e funcións dos plans interiores das instalacións industriais

Son aqueles plans deseñados e elaborados polas industrias ou outro tipo de instalacións susceptibles de provocar episodios de contaminación mariña accidental, no que se establecen as normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII
--	--	-------------------------------

organización e o sistema de resposta fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza no seu ámbito.

As instalacións industriais que son colindantes coas augas de dominio público marítimo-terrestre ou verten as súas augas pluviais ou residuais no dito dominio ou nun sistema público de saneamento con vertedura final neste, disporán dun plan interior segundo as seguintes premisas:

- a) Os establecementos aos que lles sexa de aplicación o Real decreto 1254/1999, de 16 de xullo, sobre medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, deberán incluír nos seus plans de emerxencia interior o contido descrito na normativa estatal reguladora dos plans interiores de continxencias por contaminación mariña accidental.
- b) Os establecementos aos que lles sexa de aplicación o Real decreto 253/2004, de 13 de febreiro, polo que se establecen medidas de prevención e loita contra a contaminación nas operacións de carga, descarga e manipulación de hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario, establecerán nos seus plans interiores de continxencias por contaminación mariña accidental, o descrito na normativa estatal reguladora da materia.
- c) Aos establecementos situados no ámbito portuario de interese da Comunidade Autónoma de Galicia e non contemplados nas alíneas a) e b), poderáselles esixir un plan de continxencias por contaminación mariña accidental, cando Portos de Galicia ou algunha outra administración competente advirta que pode existir un risco significativo de vertedura contaminante.
- d) Todos os demais establecementos non contemplados nas alíneas a), b) e c) contarán cun plan interior de continxencias por contaminación mariña accidental segundo os criterios establecidos neste capítulo.

O obxectivo básico destes plans é que as industrias descritas neste punto, establezan un dispositivo permanente e actualizado de información, previsión, alerta e actuación ante as emerxencias derivadas dun episodio de contaminación mariña accidental con capacidade para protexer aos traballadores e, no posible, evitar ou a lo menos reducir

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII
--	--	-------------------------------

os danos que poidan producirse aos bens e servizos esenciais de acordo cos medios e recursos dos que se dispoñan e que o dispositivo estea plenamente integrado no Plan CAMGAL e se procede, no plan local do concello onde se sitúa a instalación.

As funcións dos plans interiores na loita contra a contaminación mariña accidental son:

- identificar as posibles fontes de contaminación e as súas características,
- configurar a estrutura organizativa, tanto directiva como operativa, así como os procedementos para a intervención nas emerxencias ante contaminación do litoral,
- determinar os sistemas de alerta e información das continxencias,
- dispoñer dunha relación actualizada dos medios e recursos da instalación para a resposta a emerxencias,
- colaborar e integrarse de xeito adecuado no Plan CAMGAL e, se procede, no plan local do concello onde se sitúa a instalación.

2.1.2 Niveis de activación dos plans interiores das instalacións industriais

Os niveis de activación dos plans interiores estableceranse en función da magnitud do evento e dos medios e recursos dispoñibles para fazer fronte á continxencia.

A activación dos plans interiores guiarase polos seguintes niveis de emerxencia:

- Emerxencia en nivel mínimo: Darase cando o episodio de contaminación sexa de pequena gravidade e extensión, caracterizado porque os medios dispoñibles no plan resulten suficientes para combater a contaminación.
- Emerxencia en nivel medio: Darase cando o episodio de contaminación sexa de gravidade ou extensión media e que precise de medios alleos aos adscritos ao plan para combater a contaminación.
- Emerxencia en nivel máximo: Darase cando a natureza, gravidade ou extensión da emerxencia supere a capacidade de resposta dos medios humanos e materiais adscritos ao plan e ameace con estenderse fora do ámbito do plan interior.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII
--	--	-------------------------------

2.1.3 Procedemento de activación e desactivación dos plans interiores das instalacións industriais

A persoa responsable designada no plan interior da instalación iniciará a cadea de avisos disposta no mesmo. A dirección do plan en función da emerxencia decidirá a activación do plan no seu nivel correspondente. Así mesmo, cando a causa que orixinou a emerxencia estea controlada, a dirección do plan decidirá a desactivación do mesmo.

No caso de activar o plan interior no seu nivel de emerxencia máximo, a dirección informará de dita activación e posteriormente da desactivación ao Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia ou á Sala de Operacións da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia (981 54 40 70).

2.1.4 Elaboración e aprobación dos plans interiores das instalacións industriais

A elaboración, implantación e funcionamento dos plans interiores das instalacións contemplados neste punto, son responsabilidade do titular da instalación e serán aprobados de acordo co descrito na normativa estatal reguladora da materia e contendo os elementos esixidos neste capítulo. Unha vez aprobado o plan o titular remitirá unha copia á consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental quen a súa vez remitirá a Augas de Galicia aqueles correspondentes a instalación industriais e instalacións portuarias.

2.2 Plan Interior de continxencias dos portos de interese da Comunidade Autónoma de Galicia

2.2.1 Definición, obxectivos e funcións do Plan interior de continxencias portuario

É aquel plan de continxencias portuario deseñado e elaborado polo ente público Portos de Galicia no que se establecen as normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e o sistema de resposta fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza no seu ámbito portuario.

As funcións de dito Plan na loita contra a contaminación mariña accidental son:

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII
--	--	-------------------------------

- determinar as instalacións situadas no seu ámbito que polas súas características ou actividade deben de contar cun plan interior,
- identificar as posibles fontes de contaminación e as súas características,
- configurar a estrutura organizativa, tanto directiva como operativa, así como os procedementos para a intervención nas emerxencias ante contaminación do litoral,
- determinar os sistemas de alerta e información,
- dispoñer dunha relación actualizada dos medios e recursos para a resposta a emerxencias,
- colaborar e integrarse de xeito adecuado no Plan CAMGAL así como nas súas accións de implantación e mantemento,

2.2.2 Niveis de activación do Plan interior portuario

Os niveis de activación do Plan interior portuario estableceranse en función da magnitud, perigo (clase e tipo de contaminante e lugar da contaminación), superficie e vulnerabilidade das zonas afectadas e dos medios e recursos dispoñibles para fazer fronte á continxencia.

A activación do Plan interior portuario guiarase polos seguintes niveis de emerxencia:

- a) Alerta: Darase cando se sospeite que algún tipo de contaminación significativa pode chegar á zona costeira sita no ámbito portuario, tanto procedente do mar como de instalacións en terra.
- b) Emerxencia: Darase cando algún tipo de contaminación significativa chegue á zona costeira sita no ámbito portuario, tanto procedente do mar como de instalacións en terra.
 - Emerxencia en nivel mínimo: Darase cando o episodio de contaminación sexa de pequena gravidade e extensión, caracterizado por que os medios dispoñibles nos plans interiores activados resulten insuficientes para combater a contaminación.
 - Emerxencia en nivel medio: Darase cando o episodio de contaminación sexa de gravidade ou extensión media, caracterizado por algunha das seguintes

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII
--	--	-------------------------------

circunstancias: i) que a contaminación tivera lugar fóra do ámbito de aplicación dos plans interiores ou ii) que a contaminación afecte ou poda afectar ao ámbito de dous ou máis plans interiores ou iii) que pola especial vulnerabilidade da zona afectada ou ameazada se considere necesario.

- Emerxencia en nivel máximo: Darase cando a natureza, gravidade ou extensión da emerxencia supere a capacidade de resposta do Plan Interior portuario.

2.2.3 Procedemento de Activación do plan interior portuario

A persoa responsable designada no Plan interior portuario iniciará a cadea de avisos disposta no mesmo. A dirección do Plan en función da emerxencia decidirá a activación do Plan no seu nivel correspondente. Así mesmo, cando a causa que orixinou a emerxencia estea controlada, a dirección do Plan decidirá a desactivación do mesmo.

No caso de activar o Plan interior portuario no seu nivel de emergencia máximo, a dirección informará de dita activación e posteriormente da desactivación ao Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia ou á Sala de Operacións da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia (981 54 40 70).

2.2.4 Elaboración e aprobación do Plan Interior portuario

A elaboración, implantación e funcionamento do Plan interior portuario é responsabilidade do ente público Portos de Galicia que o remitirá á consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental para a súa aprobación.

A elaboración do Plan interior portuario farase de acordo aos requisitos descritos neste capítulo.

2.3 Plans interiores dos portos de interese xeral do Estado

O portos de interese xeral do Estado radicados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborarán e aprobarán o seu plan de continxencias segundo o establecido na normativa estatal reguladora da materia e remitirán unha copia á consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII
--	--	-------------------------------

3 CONTIDO MÍNIMO DOS PLANS LOCAIS E INTERIORES

Segundo as recomendacións da Organización Marítima Internacional e co obxecto de contar cunha terminoloxía homoxénea en todos os plans de continxencias, os plans locais e interiores deberán ter o seguinte contido mínimo:

1. Ámbito de aplicación.
2. Ánalises de risco e áreas vulnerables, no que se fará unha avaliación dos posibles riscos de contaminación e se identificarán as áreas máis vulnerables a protexer.
3. Determinación das circunstancias da activación do plan nos seus niveis de activación.
4. Composición e funcións dos órganos de dirección e resposta do plan identificando tanto os cargos directivos responsables de poñer en práctica as operacións, como os equipos de resposta e os seus cometidos incluídos no plan.
5. Procedemento de notificación, describindo o sistema de comunicación de incidencias ás autoridades competentes, o contido das comunicacións, así como a persoa responsable de tal notificación.
6. Sistema de coordinación con outros plans e co Plan CAMGAL de acordo cos criterios establecidos neste capítulo.
7. Procedemento de actuación, que definirá os protocolos que deberán poñerse en práctica no caso de emerxencia, así como as medidas de emerxencia e resposta inmediata que teñen por obxectivo a prevención e evitación de novos danos e a reparación dos xa producidos.
8. Circunstancias nas que se declarará o fin da emerxencia cando poida considerarse terminada a continxencia que a orixinou.
9. Inventario dos medios dispoñibles baixo ó ámbito competencia do plan, describindo os medios materiais dispoñibles para a contención e recuperación dun derrame contaminante (equipos de protección persoal, material de

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII
--	--	-------------------------------

contención e recollida de derrame, equipos de descontaminación, depósitos e estacións de almacenaxe ou xestión de residuos tóxicos ou perigosos, entre outros), incluíndo a identificación do lugar ou lugares de depósito e as persoas responsables da súa custodia, mantemento e operación.

10. Programa de mantemento dos medios materiais dispoñibles, especificando os períodos de revisión e as operacións de mantemento.
11. Programa de adestramento e exercicios periódicos de simulación de activación do plan, establecendo tanto os cursos teóricos de formación do persoal adscrito ao plan, como os distintos niveis de exercicios prácticos a realizar e a súa frecuencia.
12. Procedemento de revisión do plan, no que se identificarán as condicións e prazos para realizar revisións periódicas do mesmo, así como a constitución dunha comisión encargada dos traballos de revisión e de seguimento de resultados na aplicación práctica do plan.

4 ÓRGANOS DE DIRECCIÓN E RESPOSTA DOS PLANS LOCAIS E INTERIORES

A estrutura dos plans locais e interiores adaptarase aos esquemas adoptados pola Organización Marítima Internacional e deberá ter, como mínimo, os seguintes órganos:

1. director da emergencia, responsable de activar e desactivar o plan, establecer as liñas xerais de actuación e as directrices a seguir polos grupos de resposta mediante a oportuna toma de decisións, realizar o seguimento dos resultados e manter as relacións institucionais entre as administracións públicas competentes.
2. Un comité técnico asesor formado por expertos con coñecementos relevantes nas materias científicas, técnicas, xurídicas e económicas, co cometido de asesorar ao/á director/a da emergencia.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL Plans locais e Plans interiores	Capítulo VII
--	--	-------------------------------

3. Un/unha coordinador/a de operacións, responsable da dirección dos grupos de resposta que actúan na zona afectada, que exercerá as súas funcións segundo as directrices que ao efecto imparta o/a director/a do plan.
4. Un ou varios grupos de resposta, encargados, segundo o plan da resposta inmediata ante o risco, do manexo de equipos de loita contra a contaminación, da recuperación dos produtos derramados, da axeitada xestión dos residuos recollidos, da limpeza das áreas contaminadas, e da protección da biodiversidade.
5. Unha persoa ou gabinete encargado das relacións públicas, encargado das relacións cos medios de comunicación e da difusión dos comunicados elaborados polo director da emergencia sobre a evolución da situación.
6. Unha persoa ou grupo de persoas de apoio loxístico encargado de atender as necesidades dos grupos de resposta.